

Con data 22 de febreiro de 2018 aprobouse polo Consello de Goberno a proposta de prazas e criterios de admisión para os másteres universitarios ofertados pola Universidade de Santiago de Compostela no curso 2018/19 e na mesma data aprobouse o Acordo relativo a esixencia de nivel de coñecemento de lingua galega ou castelá para a matrícula en estudos de grao e máster oficial.

Con motivo da aprobación destes acordos, ditouse a Resolución reitoral do 20 de marzo de 2018 que modifica a Resolución reitoral do 23 de xaneiro pola que se fai pública a Convocatoria de matrícula anticipada nos estudos de máster universitario oficial para o alumnado con estudos de países alleos ao EEES para o curso 2018/19.

Con data de 27 de marzo de 2018 modificouse o Acordo relativo a esixencia de nivel de coñecemento de lingua galega ou castelá para a matrícula en estudos de grao e máster oficial.

Á vista destes Acordos , cómpre modificar a Resolución Reitoral do 23 de xaneiro pola que se fai pública a Convocatoria de matrícula anticipada nos estudos de máster universitario oficial para o alumnado con estudos de países alleos ao EEES para o curso 2018/19.

Polo exposto **ESTA REITORÍA RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Modificar a Resolución Reitoral do 23 de xaneiro pola que se fai pública a Convocatoria de matrícula anticipada nos estudos de máster universitario oficial para o alumnado con estudos de países alleos ao EEES para o curso 2018/19, modificada pola Resolución Reitoral do 20 de marzo de 2018, quedando redactado o artigo 1.7 como segue:

“De conformidade co establecido no Acordo de Consello de Goberno de 22 de febreiro de 2018, os alumnos procedentes de países cuxo idioma oficial non sexa o castelán deberán acreditar, como criterio xeral, o coñecemento da lingua galega ou lingua castelá mediante a acreditación oficial do nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación (MCER), no caso de titulacións das áreas de coñecemento de Ciencias, Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura, e do nivel B2 no caso das titulacións das áreas de coñecemento de Artes e Humanidades, e Ciencias Sociais e Xurídicas. Excepcionalmente, a coordinación dun determinado título de máster poderá esixir debidamente xustificada acreditación oficial dun nivel superior”.

SEGUNDO.- Modificar o Anexo da Resolución Reitoral de 23 de xaneiro de 2018 pola que se fai pública a Convocatoria de matrícula anticipada nos estudos de máster universitario oficial para o alumnado con estudos de países alleos ao EEES para o curso 2018/19, incluíndo na oferta da Convocatoria o seguinte máster:

Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos ----- 3 prazas

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015) polo Reitor da Universidade de Santiago de Compostela.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JUAN MANUEL VIAÑO REY, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 23/04/2018 09:10:51.

CSV: 9F61-0C66-4594-8CED